

A RAÍÑA DO SILENCIO

A vila na que eu vivo semella un zoolóxico anano cheo de animais en cativerio e salpicado de gaiolas-vivenda nas que residen todo tipo de paxaros presos e peixes mortos. Os meus veciños habitan en cárceres coma o que eu teño por fogar. Polo día, déixanse abanear, coma min, nos columpios da alameda, len os xornais sen entender que os enganan, tentan conquistar o mar a dentelladas, deter o tempo coas súas mans, escurecer o sol con paraugas negros ou negar a chuvia tapando os ollos e as orellas ata que, cansos e rendidos, rematan por desistir derrubados moralmente polas balas invisibles da soidade.

Polas noites, entregámonos a explicar o mundo facendo barra libre nos disco-bares de última hora, navegamos á deriva dando tombos polas rúas adiante e, de cando en vez, enfadámonos ó descubrir que acabamos de pisar a merda dun can de palleiro que cheira que apesta.

Se temos sorte, topamos con borrachos coma nós e regresamos á casa cantando o derradeiro tango de Carlos Gardel. E, senón, como adoita suceder as máis das veces, conversamos contigo, que eres a Raíña do Silencio.

Salvador Rodríguez (Bueu, 1963)

Licenciado en Periodismo pola Facultade de Ciencias da Información da Universidade Complutense de Madrid. Forma parte da Redacción de *Faro de Vigo*; actualmente coordina os suplementos culturais e de fin de semana. Recibiu, entre outros, o premio *Julio Camba* de Xornalismo no ano 2000. Ten publicado o libro de relatos *La hija de Sherlock Holmes* (Ed. Alfasur), *Entre Fisterras: Conversas con Carlos Núñez* (Ed. Xerais) e participa en *Phiccións* (Ed. Xerais).